

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 11.12.2018 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 11 de decembro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.


A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 41168 (10/CPC-000085)
Da Sra. secretaria xeral de Emprego, por petición propia, para informar das medidas en favor da economía social en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

Punto 2. Preguntas

- 2.1 35424 (10/POC-005633)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre os prexuízos que lles están a ocasionar aos pacientes e aos profesionais do centro de saúde de Cambados as decisións do Goberno galego de non substituír os permisos e as vacacións do persoal, así como de pechar o centro en horario de tarde durante o verán, e as súas previsións respecto da garantía da presenza de equipos completos de profesionais en todas as quendas do punto de atención continuada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018
- 2.2 40260 (10/POC-006278)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia na calidade asistencial do Centro de Saúde de Aldán do número de cartillas que terán que asumir os pediatras que quedan trala desaparición dunha praza, así como as actuacións previstas ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 387, do 22.11.2018
- 2.3 40587 (10/POC-006335)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación das persoas que padecen fibromialxia e sensibilidade química múltiple, as súas previsións referidas á oferta aos profesionais do Sergas de maiores posibilidades de formación en enfermidades do espectro da dor e a súa opinión en relación coa necesidade de mellorar as posibilidades asistenciais que se ofrecen ás persoas que padecen ese tipo de enfermidades no sistema sanitario público de Galicia, así como a suficiencia da partida orzamentaria consignada para o ano 2019 para a investigación sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 391, do 29.11.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 05/12/2018 16:35:58

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 41168(10/CPC-000085)


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da secretaria xeral de Emprego, por petición propia, para
informar das medidas en favor da economía social en Galicia


Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018

30/11 2018 11:12 FAX 00981541211

0001/0001



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego- da secretaria xeral de Emprego para informar das “medidas en favor da Economía Social en Galicia”.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por GARCÍA-SEGOVÍANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Data: 30 Nov 2018 10:16:48

Presidente do Parlamento de Galicia

CVE: whiscu4Q9
Validación: https://whiscu4Q9.galicia.es



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 35424(10/POC-005633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os prexuizos que lles están a ocasionar aos pacientes e aos profesionais do centro de saúde de Cambados as decisións do Goberno galego de non substituír os permisos e as vacacións do persoal, así como de pechar o centro en horario de tarde durante o verán, e as súas previsións respecto da garantía da presenza de equipos completos de profesionais en todas as quendas do punto de atención continuada

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas a tomar no centro de saúde de Cambados.

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Unha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:34
Nº Rexistro: 35424
Data envío: 30/08/2018 13:34:33.459

Non se trata de “casos puntuais” como queren facernos crer xs responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.

O Centro de saúde de Cambados responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

O Sergas está a implantar o que dá en chamar “intersubstitucións”, que non é outra cousa que o escaso persoal que permanece no centro faga o traballo propio e o dos/as que non están.

No verán de 2017 a Xunta tomou a decisión de dar un paso máis no deterioro da prestación do servizo ao pechar o centro de saúde en horario de tarde, decisión que este verán de 2018 pretende consolidar.

Esta decisión non ten xustificación. A demanda existente, tanto a ordinaria como a que se deriva das persoas desprazadas debida á época estival aumenta. A poboación non cambia os horarios da súa xornada laboral, na época estival segue precisando o horario de tarde. O peche non se publicita para tentar evitar as queixas dos/as veciños/as polo que son moitas as persoas que demandan atención en horario de tarde e ao non ter servizo desprazan a sobrecarga.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:34
Nº Rexistro: 35424
Data envío: 30/08/2018 13:34:33.459

Prodúcese un aumento das persoas que acoden ao PAC, sobrecarga do resto do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de “redistribuír” a demanda asistencial, duplicar as citas... Unha sobrecarga asistencial brutal e un deterioro da calidade asistencial. Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para profesionais como para doentes.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Ata onde están dispostos a chegar na política de recortes na sanidade pública galega?

-Considera o Goberno galego que se pode prestar unha asistencia sanitaria de calidade cando os e as profesionais teñen que asumir o traballo propio e o dos/as compañeiros/as que non son substituídos/as?

-É consciente dos prexuízos que lle causa tanto a doentes como profesionais a decisión de non substituír ao persoal?

-Que alternativa lle dá as persoas que tiñan o seu médico de familia en horario de tarde, por decisión propia, por adaptarse ao seu horario laboral ou situación familiar, e durante meses van deixar de telo?

-Coida que o persoal do PAC pode asumir a sobrecarga asistencial que se deriva desta decisión?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:34
Nº Rexistro: 35424
Data envío: 30/08/2018 13:34:33.459

-Vai garantir a presenza de equipos completos de profesionais en todas as
quendas do PAC do centro de saúde de Cambados?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 13:34:06

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 13:34:10

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 13:34:11



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:34
Nº Rexistro: 35424
Data envío: 30/08/2018 13:34:33.459

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 13:34:13

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 13:34:15

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 13:34:16

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 40260(10/POC-006278)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia na calidade asistencial do Centro de Saúde de Aldán do número de cartillas que terán que asumir os pediatras que quedan trala desaparición dunha praza, así como as actuacións previstas ao respecto

Publicación da iniciativa, 387, 22.11.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40260
Data envío: 14/11/2018 19:03:29.610



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

Cada vez estase a evidenciar máis a falta de recursos na Atención Primaria, consecuencia das políticas de recortes e da nula vontade política de reverter as mesmas ante a suposta recuperación económica que anuncia o Goberno.

As políticas de recortes no investimento público, a precariedade nas contratacións e a falta dunha boa planificación provocan especial repercusión na falta de profesionais, situación que impide dar unha cobertura de prazas axeitadas.

A falta de pediatras esta directamente relacionada cunha mala xestión do Goberno, que demostra incapacidade de reacción ante esta situación.

O caso da perda dunha praza no Centro de Saúde de Aldán, é unha mostra máis de como esta situación esta deteriorando pouco a pouco a calidade asistencial, xa que nesta caso, a desaparición da praza, provoca un aumento da ratio de cartillas que terán que asumir os outros e que polo tanto, provocará unha masificación de cupos, tendo en conta que o total de menores en Cangas é de 3.564.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Considera a Xunta de Galicia que o número de cartillas que terán que asimilar os pediatras que quedan, resulta axeitado para dar unha asistencia sanitaria de calidade?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40260
Data envío: 14/11/2018 19:03:29.610



- Que pensa facer a Xunta de Galicia ante esta situación?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/11/2018 18:56:40

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 40587(10/POC-006335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación das persoas que padecen fibromialxia e sensibilidade química múltiple, as súas previsións referidas á oferta aos profesionais do Sergas de maiores posibilidades de formación en enfermidades do espectro da dor e a súa opinión en relación coa necesidade de mellorar as posibilidades asistenciais que se ofrecen ás persoas que padecen ese tipo de enfermidades no sistema sanitario público de Galicia, así como a suficiencia da partida orzamentaria consignada para o ano 2019 para a investigación sanitaria

Publicación da iniciativa, 391, 29.11.2018



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A fibromialxia, síndrome de fatiga crónica (SFC) ou encefalomielite miálxica (EM) e a sensibilidade química múltiple son enfermidades diferentes pero con forma de presentación e síntomas similares de diagnose clínica. As tres son enfermidades de causa descoñecida, crónicas e sen cura na medicina actual que teñen efecto invalidantes para o traballo e as tarefas cotiás, extremadamente negativos na esfera laboral, social, familiar e económica de quen a sofre. Os tratamentos actuais se limitan con escaso éxito a aliviar os síntomas de ambas patoloxías. Tanto a fibromialxia como o síndrome de fatiga crónica ou encefalomielite miálxica afecta especialmente ás mulleres.

Calcúlase que en España, entre o 0,2 % e o 0,5 % da poboación xeral sofre SFC/EM. Aproximadamente, o 25 % dos e das pacientes presentan unha forma severa da enfermidade provocando un trastorno devastador, complexo e altamente invalidante.

Os problemas das persoas afectadas sitúanse nas dificultades para a diagnose, e por tanto tamén para o tratamento, polas dificultades sinaladas que levan a estas persoas a demorar moito tempo dentro do sistema antes de ser diagnosticadas. A isto cabe engadir a avaliación da incapacitación laboral, ou recoñecemento de minusvalías, que resultan sempre insatisfactorias e incompleta debido ás limitacións nestas propias diagnoses e a non clasificación clínica e correcta avaliación.

De maneira conxunta, a investigación sanitaria resulta unha ferramenta na loita contra estas enfermidades e as súas consecuencias. A redución dun 5 % na partida dedicada a investigación da Consellería de Sanidade para os orzamentos 2019 é un enorme obstáculo que, sumado aos déficits existentes a nivel autonómico e estatal nos últimos anos, coloca á investigación sanitaria nunha feble posición que impide o avance en cuestións relacionadas con un amplo espectro de sintomatoloxías, como as sinaladas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40587
Data envío: 20/11/2018 14:17:31.152

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno de Galicia sobre a situación das persoas afectadas por fibromialxia, síndrome de fatiga crónica ou encefalomielite miálxica, ou sensibilidade química múltiple?
2. Ten previsto o Goberno de Galicia ofrecer maiores posibilidades de formación en enfermidades do espectro da dor aos profesionais do Sistema público de Galicia?
3. Considera necesario o Goberno de Galicia mellorar as posibilidades asistenciais que se ofrecen ás persoas afectadas por enfermidades como fibromialxia, síndrome de fatiga crónica ou encefalomielite miálxica e sensibilidade química múltiple no Sistema sanitario público de Galicia?
4. Considera suficiente o Goberno de Galicia a partida dedicada á investigación sanitaria nos orzamentos 2019?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2018 14:14:54

Noela Blanco Rodríguez na data 20/11/2018 14:15:00